



Concello de Cerdido
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Liquidación do servizo de axuda a domicilio do mes de outubro de 2024

Por Resolución da alcaldía 269/2024 do 08/11/2024, aprobouse o padrón de contribuíntes e liquidación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2024, expoñéndose ao público para a súa notificación colectiva, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio, quedando a disposición dos interesados a efectos da presentación de reclamacións.

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os contribuíntes poderán interpoñer preceptivamente o recurso de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública. O recurso entenderase rexeitado se no prazo dun mes dende a súa presentación non se resolve expresamente, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Cerdido, 12 de novembro de 2024
O Alcalde
Alberto Javier Rey Paz